

agrupacións como Tarea Ensemble, Phoenix Ensemble, Laboratorium Ensemble, mdi Ensemble ou Prometeo Quartet, e por solistas como J. F. Neuburger, D. Ciampolini, D. Gloger, M. Cesari e F. Dillon en moitos países (Italia, Alemaña, Suíza, Francia, Estados Unidos, Arxentina e Austria) e en contextos como Festival Musica en Estrasburgo, a Universidade de Harvard, Impulse Festival, Gare du Nord (Basilea), Chigiana Academy, Teatro LAC (Lugano), etc.

As súas composicións foron transmitidas por Sky Classica Italia e a compañía de radio e televisión suíza RSI. Foi galardoado coa bolsa Movin'up, promovida polo Ministerio de Cultura italiano. Gañou a convocatoria de composicións de MotoContrario Ensemble - Festival Contrasti en 2017 e foi finalista no Concurso Internacional Neverband en 2016 e no Concurso Internacional Ossia Nova Música de 2016. A súa peza *All'Angelo Blu*, encargada pola RSI, foi finalista do Prix Europa Berlin como o Mellor Programa de Música Europea do Ano 2013.

As súas partituras son publicadas por Ars Publica. A súa obra *Eltit* foi gravada e publicada polo selo Sheva. Tamén obtivo os títulos de grao e mestrado en piano. Como pianista, recibiu varios premios en competicións nacionais e internacionais, deu moitos concertos en Italia e no estranxeiro e gravou varios CD para o selo Sheva.

#### VERTIXE SONORA

Pablo Coello *saxofón* / Rubén Barros *guitarra eléctrica* / David Durán *piano* / Diego Ventoso *percusión* / Juanma Lodo *difusión multimedia* // Pablo Coello *dirección musical* / Ramón Souto *dirección artística*



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES  
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 546 602 / cgac.educacion@xunta.gal  
www.cgac.xunta.gal



## MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

### CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea  
Martes, 15 de maio de 2018

## CELEBRACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS (DIM)

12:00-13:00 h

Concerto didáctico para centros escolares

19:30-20:15 h

Conversa cos compositores

20:00-20:15 h

Presentación co alumnado dos conservatorios e escolas de música

20:30 h

Concerto **MAGNETISMO**

**Teresa Trecozzi** *Sonata magnética* (2017)  
saxofón, guitarra eléctrica, piano, percusión e obxectos

**Giovanni Santini** *Your Body... Your Voice\** (2016)  
piano, 3 intérpretes e 24 imáns

\*Estrea absoluta

## AS OBRAS

### *Sonata magnética*

O xesto resignificado como proceso de creación musical, capaz de activar obxectos sonoros non convencionais, está presente na *Sonata magnética* (2017) da compositora italiana Maria Teresa Trecozzi. A súa é unha obra de forte carga coreográfica e fino sentido do humor. Segundo Trecozzi, "é unha peza escrita para obxectos metálicos, imáns e instrumentos: guitarra eléctrica, percusión, saxofón tenor e piano. Os catro intérpretes seguen unha trama escrita e unha estrutura e móvense polo espazo indicado. O movemento e a xestualidade desta peza son elementos importantes nesta e noutras das miñas composicións. O son precisa dalgunha acción para ser producido, hai sempre un certo xesto que produce cada son en particular. Cando escribo unha peza teño en mente os movementos que producen un tipo específico de son ou mesmo os movementos ou sons que proveñen de calquera experiencia acústica: sons cotiáns, ruidos da rúa ou do fogar, sons instrumentais e tamén do repertorio clásico".

“*Sonata magnética* está inspirada no efecto do magnetismo e no movemento de cargas eléctricas que se aliñan, se atraen e se repelen. Este fenómeno é visible e proposto teatralmente co corpo e co uso de obxectos na primeira parte da peza. Na segunda parte, os intérpretes son atraídos polos instrumentos e dirixense cara a eles. Aínda que o son da segunda parte cambia con respecto ao inicio, os instrumentos exploran as súas propiedades metálicas, e empréganse tamén outros obxectos de metal coma plectros de guitarra nas claves do saxofón, claves (de porta) no cavilleiro do piano, etc., na busca de alturas e tons definidos que introducen a aria final da peza ‘Vivan le femmine! Viva il buon vino!’, escena XIV do *Don Giovanni* de Mozart. A composición, de trazos irónicos, reconducenos á reflexión a través da xestualidade e dos sons. A escenificación do movemento magnético encarna a metáfora da existencia, todo atrae a todo e todos nós nos diriximos cara a un fin. Esta conclusión é evidente ao final da obra co carillón que fai soar a aria dun *Don Giovanni* que come a pracer e non pensa no arrepentimento ata a chegada do Comendador”.

[Texto extraído das notas ao programa redactadas por Paco Yáñez con motivo da estrea da *Sonata magnética* por Vertixe Sonora na Fundación BBVA o 12 de decembro de 2017].

### **Your Body... Your Voice**

“Un dos principais intereses no meu traballo recente consiste en atopar perspectivas persoais sobre instrumentos comúns; busco voces ocultas, posibilidades non expresadas. Polo tanto, un instrumento cunha longa e gloriosa historia convértese nunha especie de obxecto atopado, descoñecido e con características misteriosas. Tal cambio no punto de vista só pode ocorrer ao negar a maior parte da súa práctica de execución; o piano xa volverá ser tocado. Agora todo o corpo do piano é parte dun novo instrumento ou un instrumento en si mesmo. E, en certa medida, a súa natureza física correspóndese coas súas posibilidades de son. O corpo é agora a voz... A limitación a unha ferramenta pequena e non articulada como a única conexión con este novo aparato é un colo de botella no proceso de composición; con todo, en lugar de limitar o mundo do son, tal condición fai que o instrumento explote e que xere unha gran cantidade de instrumentos novos con diferentes calidades de son e posibilidades técnicas... Ese cambio na perspectiva da práctica de execución ten un prezo, a dificultade para a interpretación en vivo. A composición require de tres intérpretes que deberán aprender unha nova serie de técnicas non relacionadas coa historia do piano. O posicionamento e a postura erguida dos intérpretes non son realmente unha solución cómoda e requiren un complexo sistema de amplificación para a necesaria percepción de numerosos sons, aínda que a presentación en vivo non é imposible e a partitura xoga un papel importante. Como moitas pezas de música de cámara, esta composición foi concibida e desenvolvida como un exemplo de música instrumental acústica. A súa primeira presentación no Basel Jazz-Campus, o 6 de xuño de 2016, consistiu en proxección da gravación espacializada en seis canles; a única intervención en vivo consistiu en executar a espacialización en si mesma con LeapMotion (dispositivo para o seguimento da posición da man)”.

Giovanni Santini

## **OS COMPOSITORES**

### **Maria Teresa Trecozzi.** Italia, 1979

Formouse en Piano e Música Electrónica e en Composición con Gabriele Manca e Ivan Fedele. Participou no curso de composición na Musikhochschule de Karlsruhe, xunto a Wolfgang Rihm, a través do programa Erasmus e tivo un *Kontaktstudium* en Saarbrücken con Arnulf Hermmann. Asistiu a clases maxistras con mestres coma Billone, Czernowin, Dufourt, Filidei, Gervasoni, Lanza, Risset, Solbiati ou Stroppa.

As súas obras foron interpretadas en diversos eventos e institucións como a Universidade de Harvard, Luxembourg Abbey Neimnost, Schloss Gottesaue Velte-Saal (Karlsruhe), Tonhalle Düsseldorf, Ferienkurse für Neue Musik en Darmstadt, Radio SR (Funkhaus Halberg, Saarbrücken), Theater im Viertel-Studiotheater (Saarbrücken), Japan Cultural Institute en Roma, Parco della Musica (Roma), Auditorio de Milano, SoundScape Festival 2015 (Varese), Festival Impuls 2015 (Graz), Residencia Ponto do Sol (Madeira), Teatro Lattuada (Milán) e Teatro Sociale di Como. Recibiu encomendas para o Premio Siae 2016 (New Made Ensemble), Sommer Musik Saarbrücken, Nuova Consonanza ou a orquestra Tito Schipa de Lecce. Colaborou coa Deutsche Radio Philharmonie Saarbrücken Keiserslautern, a orquestra sinfónica G. Verdi de Milán, a orquestra Tito Schipa de Lecce ou Ensemble del Novecento.

Obtivo algúns premios en concursos coma o XXI Coloquio de Informática de Música (Cagliari), o Künstler-Förderstipendien Saarbrücken en 2016, unha bolsa da SIAE para menores de 35 anos, o 9.º Saarbrücker Komponistenwerkstatt, eviMus Festival (1.º Saarbrücker Tage für elektroakustische Musik), Premio Niccolò Castiglioni en Milán, unha mención honorífica no concurso Milano Digital IV polos seus proxectos educativos *Piccoli en orchestra* que promove o uso das novas tecnoloxías ou o concurso Milano's Modern Art Gallery. Algunhas das súas obras están publicadas por Sconfinate. Desde o 2006, foi profesora en varias escolas de Milán, Como, Turín e Alemaña, onde reside na actualidade.

### **Giovanni Santini.** Italia, 1986

Na actualidade, estuda con G. Netti e S. Sciarrino, cursó un Máster de Especialización en Composición na Hochschule für Musik de Basilea, onde estudou con E. Oña e J. C. Walter. Con anterioridade, obtivera o título de mestrado en Composición e Teoría no Conservatorio de Lugano, baixo a supervisión de N. Vassena e G. Verrando, e un diploma de Composición no Conservatorio La Spezia con A. Nicoli.

Seleccionado para a Academia Manoury - Festival Musica Estrasburgo e o Composit Festival, ambos os dúos en 2016, e para o Harvard Summer Composition Institute en 2014, frecuentou tamén os cursos da Impuls Academy, Chigiana Academy e os cursos de Música Electrónica na Scuola Civica de Milán e do Elektronisches Studio en Basilea.

Asistiu ás clases maxistras de S. Sciarrino, B. Furrer, C. Czernowin, S. Takasugi, P. Billone, F. Filidei, Y. Robin, M. André e S. Gervasoni, entre outros. A súa música foi interpretada por